



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES E PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE, NO EXERCICIO 2023

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social, segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores da Consellería de Política Social e Xuventude en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude das actuacións que o Concello de Castrelo de Miño ten previsto desenvolver durante o ano 2023, de cara á realización dun proxecto de actividades dirixido ás persoas maiores e persoas en situación de vulnerabilidade, residentes nese concello.





O proxecto está destinado a fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación de persoas maiores ou persoas vulnerables, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio.

As actividades constitutivas do proxecto obxecto da concesión da subvención, desenvolveranse dentro do ámbito territorial do concello de Castrelo de Miño, onde se crearán varios grupos de traballo nos pobos de Macendo, Astariz, Vivenda Comunitaria e Barral, coa finalidade de acadar os obxectivos descritos na cláusula anterior.

A maior parte das actividades que se van desenvolver serán grupais, aínda que tamén se prestará unha atención individualizada, traballo social e atención psicolóxica para todos e todas as persoas participantes.

O número de participantes para a totalidade das prazas ofertadas é de 48 persoas, que asistirán a todos os obradoiros e actividades que se describen a continuación.

As actividades proxectadas son as seguintes:

a) Obradoiro de fotografía

Espazo de actividade física e mental no que se fomentará, nun ambiente lúdico, o sentimento de pertenza a un grupo; a través da fotografía, recuperando as historias persoais das persoas participantes. Procurarase falar do pasado, presente e futuro da sociedade, partindo das súas vivencias persoais. O resultado será unha mostra na que se amosará a través de fotografías as lembranzas, anécdotas, soños e en definitiva, a vida das persoas participantes interrelacionando o presente e o pasado na súa contorna:

Organizaranse paseos con percorridos deseñados polas persoas participantes, así como dinámicas en sala onde se lles ensinará a entender a cámara fotográfica coma unha ferramenta sinxela, lúdica e chea de posibilidades.

Traballarase a memoria histórica dende o arquivo fotográfico familiar a través da retrofotografía, buscando rexistros cos que combinar pasado e presente, e abriranse espazos de debate sobre temas relacionados coa vila e a súa historia. Editaranse as imaxes e crearanse colaxes coas fotos que se vaian producindo nos obradoiros.

Como cume do obradoiro realizarase unha exposición colectiva final composta polas fotografías tomadas polas persoas participantes e por un mural construído a partir das imaxes traballadas no dito obradoiro.

b) Obradoiro de hábitos saudables

Este obradoiro ten como obxectivo facilitar a asimilación de novos hábitos saudables nas persoas maiores a través dunha intervención socio-educativa que contribúa a mellorar a calidade de vida das persoas participantes.

Traballaranse temas como a importancia dunha boa alimentación, os beneficios da práctica do exercicio físico, nocións básicas de primeiros auxilios, prevención de enfermidades, o sono, hábitos hixiénicos, bo uso dos medicamentos, benestar psicolóxico, ansiedade e estrés.

c) Obradoiro de manexo das novas tecnoloxías

Con este obradoiro levaranse a cabo actividades coas que se pretende ensinar ás persoas participantes coñecementos e destrezas que lles permitan desenvolverse de xeito autónomo no mundo das tecnoloxías da comunicación.





No desenvolvemento do obradoiro atenderase aos intereses e demandas que, neste campo, expresen as persoas participantes, xa sexa ao manexo do teléfono móbil, trámites online, manexo do PC, internet, redes sociais, tablets, videoxogos...

d) Obradoiro de horto

O obxectivo deste obradoiro é transmitir coñecementos sobre o coidado da terra e das plantas, desenvolvemento de habilidades sociais propias dun ambiente e contexto de traballo cooperativo, que se levará a cabo a mediante o cultivo de diversas plantas para o seu coidado nunha mesa de cultivo.

e) Encontro interxeneracional

Espazo onde os/as nenos/as e as persoas maiores poidan desfrutar dun tempo xuntos charlando, lendo contos, xogando, etc. Está demostrado que este tipo de xuntanzas resultan moi enriquecedoras tanto para as persoas maiores como para os/as nenos/as.

f) Charlas Stop accidentes

Levaranse a cabo charlas sobre como prever os accidentes pola rúa e estradas

g) Obradoiro de manualidades

Realizaranse traballos con arxila, confección de chaveiros...

h) Obradoiro de risoterapia

O obxectivo deste obradoiro é proporcionar beneficios mentais e emocionais a través da risa.

Consistirá na realización de actividades en grupo que teñen o obxectivo de que as persoas participantes saian das sesións sentíndose máis positivas, optimistas e en definitiva, máis satisfeitas coas súas vidas.

i) Obradoiro de música

Neste obradoiro utilizaranse instrumentos da música tradicional e o seu obxectivo, entre outros, é traballar especialmente a coordinación e o ritmo.

j) Obradoiro de ximnasia e coordinación

Este obradoiro ten como obxectivo promover a actividade física a través da ximnasia de mantemento encamiñada a lograr un acondicionamento físico xeral.

Traballarase a coordinación e realizaranse exercicios de mobilidade articular e de acondicionamento físico de baixo impacto ou de nivel moderado

Dentro de este obradoiro inclúense as clases de pilates e ioga consistentes en lograr a concentración e liberar o estrés do día a día.

k) Viaxes

Realizaranse saídas turísticas e gastronómicas a diferentes lugares, entre outros, a Ourense e á praia, sempre que as circunstancias o permitan.

Estas viaxes grupais facilitan a socialización entre as persoas que asisten a eles e promoven o seu apoio mutuo.

l) Obradoiro de lectura

Espazo para a lectura e comentarios de libros e publicacións que sexan de interese para as persoas participantes, no que se pretende desenvolver estratexias de apego á lectura de xeito lúdico e divertido.





m) Obradoiro de estimulación cognitiva

Realizaranse prácticas de adestramentos da memoria e funcións cognitivas superiores (cálculo, atención, concentración...).

n) Obradoiro de cine

Proxectaranse películas de temática variada para crear un ambiente de relaxación no que as persoas participantes disfruten interiorizando outras realidades, e comentando súas impresións tras o visionado

ñ) Xuntanza de promoción cultural e convivencia

Xuntanza de maiores consistente nunha xornada de convivencia e festa, con actividades ao aire libre, xogos populares, obradoiros de manualidades(...), e almorzo amenizado con música de gaitas.

Pola tarde actuará un grupo de música e a cada asistente entregaráselle un pequeno agasallo.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará a contía de **corenta mil seiscientos trinta e un euros (40.631,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2023, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023.

O carácter singular deste proxecto en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radica no análise das circunstancias demográficas deste concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior, e da poboación en situación de vulnerabilidade, que demandará un servizo asistencial. Así, no referente ás persoas maiores o Concello de Castrelo de Miño actualmente conta con 587 persoas maiores de 65 anos. Polo tanto tendo en conta as circunstancias particulares deste concello, artículase este convenio de colaboración de cara a fomentar a realización de actividades dirixidas a estas persoas maiores e persoas en situación de vulnerabilidade residentes neste concello.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, é debido á particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este proxecto que é o Concello de Castrelo de Miño, en tanto que servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Antonio Acevedo Prado

